Número de aerogeradores que se van a instalar: 13 ud.×3,808 MW de potencia nominal unitaria.

Producción media neta estimada: 146.521 MWh/ano.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 2.960 horas.

2.- Por ACORDO do 30 de xullo de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico As Encrobas, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña) (expediente IN408A 2020/93), DOG Núm. 158, de 18 de agosto de 2021.

Solicitante/promotor: Naturgy Renovables, S.L.U. (CIF: B84160423).

Domicilio: avenida Arteixo, nº 171, 15007 A Coruña.

Denominación do proxecto: parque eólico As Encrobas.

Concellos afectados pola poligonal do parque eólico: Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 20 MW.

Número de aerogeradores que se van a instalar: 4 ud.×5 MW de potencia nominal unitaria.

Producción media neta estimada: 68.326 MWh/ano.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 3.416 horas.

3.- Por ACORDO do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro, nos concellos de Ordes e Cerceda (A Coruña) (expediente IN408A 2017/25), DOG Núm. 188, de 29 de setembro de 2021.

Solicitante/promotora: Green Capital Power, S.L. (CIF: B85945475).

Domicilio social: Torre Serrano, r/ Marqués de Villamagna 3, andar 5º, 28001 Madrid.

Domicilio para efectos de notificacións: r/ Fernando de Casas Novoa 35, bloque B, andar 2º, porta B, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: parque eólico Monte Inxeiro (nº exp.: IN408A 2017/25).

Concellos afectados pola poligonal: Ordes e Cerceda (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 38,115 MW.

Núm. aerogeradores que se van instalar: 11 ud. × 3,465 MW de potencia nominal unitaria.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 3.322,68 horas.

4.- Por ACORDO do 10 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (expediente IN408A 2018/26), DOG Núm. 242, de 20 de decembro de 2021.

Solicitante/promotor: Green Capital Power, S.L. (CIF B85945475).

Enderezo social: Torre Serrano, rúa Marqués de Villamagna, nº 3, planta 5ª, 28001 Madrid.

Enderezo para os efectos de notificacións: rúa Fernando de Casas Novoa, nº 35, bloque B, 2º B, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: parque eólico Solpor (expediente IN408A 2018/26).

Concello afectado pola poligonal: Ordes e Mesía (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 24 MW.

Número de aerogeradores que se van instalar: 5 ud. × 4,8 MW de potencia nominal unitaria.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 2.894 horas.

5.- Por ACORDO do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Meirama, denominado para os efectos de tramitación Meirama (76), nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña) (expediente IN408A 2020/076), DOG Núm. 212, de 8 de novembro de 2022.

Solicitante/promotora: Green Stone Renewable IV, S.L., CIF: B-56111420.

Domicilio social: avenida del Brillante, nº 32, 14012 Córdoba, España.

Enderezo para os efectos de notificacións: r/ Del Monte Esquinza, nº 24, 5º esq., 28010 Madrid.

Denominación do proxecto: PE Meirama (IN408A 2020/76).

Denominado para os efectos de tramitación Meirama (76).

Concellos afectados: Cerceda e A Laracha (A Coruña).

Potencia máxima do parque: 21 MW.

Núm. aerogeradores que se van instalar: 4 × 3,45 MW + 2 × 3,6 MW de potencia nominal unitaria.

Producción neta: 75.879,7 Mwh/ano.

6.- Mediante ANUNCIO do 3 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Meirama, nos concellos de Carral, Cerceda e Ordes (A Coruña) (expediente 2019/0130), DOG Núm. 220, de 18 de novembro de 2022.

7.- Mediante ANUNCIO do 28 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico As Encrobas e a súa liña de evacuación, nos concellos de Carral, Cerceda e Ordes (A Coruña) (expediente 2021/0006), DOG Núm. 7, de 11 de xaneiro de 2023.

8.- Mediante ANUNCIO do 5 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro, nos concellos de Cerceda e Ordes (A Coruña) (expediente 2018/0073), DOG Núm. 13, de 19 de xaneiro de 2023.

9.- Mediante ANUNCIO do 19 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do proxecto Parque eólico Meirama 76, nos concellos de Cerceda e A Laracha (expediente 2020/0279), DOG Núm. 15, de 23 de xaneiro de 2023.

10.- Mediante ANUNCIO do 11 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (A Coruña) (expediente 2020/0047), DOG Núm. 13, de 19 de xaneiro de 2023.

▪ **ÁREA XEOGRÁFICA CON UNHA PRESIÓN EÓLICA EXCESIVA**

Nome do Proxecto	Promotor	Concello
1. Liña de alta tensión a 220 kV dende o parque eólico Campelo ata a subestación Mesón	Greenalia Wind Power Campelo, S.L.U.(Antes Greenalia Wind Power, S.L.U. (Antes Greenalia Power, S.L.U.))	Carballo; Carral; Cerceda; Coristanco; Ordes; Tordoia

2. Parque eólico Meirama	Naturgy Renovables, S.L.U. (Antes Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U.)	Carral; Ordes; Cerceda
3. Parque eólico As Encrobas	Naturgy Renovables, S.L.U.	Ordes; Carral; Cerceda
4. Parque Eólico Monte Inxeiro	Green Capital Power, S.L.	Cerceda; Ordes
5. Parque eólico Coto Loureiro	Adelanta Corporación, S.A.	Cerceda; Laracha
6. Parque eólico Meirama 76	Green Stone Renewable IV, S.L.	Cerceda; Laracha
7. LAT. DE 63,3 KM Y 220 KV. MESON DO VENTO-VIMIANZO	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Cabana de Bergantiños; Carballo; Carral; Cerceda; Coristanco; Laracha; Mesía; Ordes; Vimianzo; Zas
8. Parque eólico Solpor	Green Capital Power, S.L.	Mesía; Ordes
9. Parque eólico Legre	Green Capital Power, S.L.	Mesía; Oza-Cesuras
10. Parque eólico Felga	Greenalia Wind Power, S.L.U. (Antes Greenalia Power, S.L.U.)	Aranga; Coirós; Oza-Cesuras
11. Parque eólico Gato	Greenalia Wind Power, S.L.U. (Antes Greenalia Power, S.L.U.)	Aranga; Oza-Cesuras
12. Parque eólico Seselle	Galenergy, S.L.	Oza-Cesuras
13. Parque eólico Legre	Green Capital Power, S.L.	Mesía; Oza-Cesuras
14. Parque eólico Penas Boas	Greenalia Wind Power, S.L.U.	Oza-Cesuras; Aranga






Figura 3.1. Infraestructuras consideradas en la envolvente de 20 km. Fuente: Rexistro Eólico de Galicia, 2021.

PARQUE EÓLICO EXISTENTE	N.º AEROXERADORES
As Encrobas (PE en tramitación)	4
Bustelo (PE en tramitación)	11
Campelo (PE en tramitación)	8
Coto Loureiro (PE en tramitación)	13
Carboeiro (PE en tramitación)	8
Meirama (76) (PE en tramitación)	6
Castelo (PE en explotación ou autorizado)	25
Meirama (PE en tramitación)	13
Monte Inxeiro (PE en tramitación)	11
Monte Neme (PE en tramitación)	3
Monte Toural I (PE en tramitación)	4
Monteagudo (PE en explotación ou autorizado)	7
O Picoto (PE en tramitación)	1


Pedrarrubia (PE en explotación autorizado)	ou	13
Pena Galluda (PE en explotación autorizado)	ou	1
PES Arteixo (PE en explotación autorizado)	ou	1
PES Cerceda (PE en explotación autorizado)	ou	2
PES Inditex (PE en explotación autorizado)	ou	1
TOTAL		132 AEROXERADORES

<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Meirama>






Poligonal do proxecto industrial eólico Meirama (76)




<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Monte+Inxeiro>




Poligonal do proxecto industrial eólico Monte Inxeiro

<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Solpor>



Poligonal do proxecto industrial eólico Solpor



Detalle da poligonal do proxecto eólico Coto Loureiro, en Cerceda e A Laracha

OUTROS PROXECTOS EÓLICOS EN TRAMITACIÓN NA ENTORNA PRÓXIMA


1.- ACORDO do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto de liña de alta tensión LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV (expediente IN408A 2020/145).

Co fin de evacuar a enerxía eléctrica xerada polos parques eólicos que a seguir se enumeran, todos eles en tramitación e promovidos polo grupo Greenalia, deséñanse a liña eléctrica de alta tensión (LAT) 220 kV Gato-Mesón e a subestación eléctrica colectora (SEC) Mesón 220/132 kV:

- Parque eólico (en diante, PE) Pena Ombra (45 MW, nº expediente IN408A 2017/40).
- PE Gato (25,2 MW, nº expediente IN408A 2017/04).
- PE Felga (21 MW, nº expediente IN408A 2017/19).
- PE Monte do Cordal (12,6 MW, nº expediente IN408A 2018/33).
- PE Friol (21 MW, nº expediente LU-11/147-EOL).
- PE Pena da Cabra (25,2 MW, nº expediente IN408A 2020/33).
- PE Penas Boas (16,8 MW, nº expediente IN408A 2018/35).

Proxecto de liña de alta tensión LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV


<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Mes%C3%B3n>



2.- ACORDO do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097).

Proxecto do parque eólico Legre e da LAAT de evacuación do parque eólico Legre

<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Legre>



3.- ACORDO do 5 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto LAT 132 kV evacuación parque eólico Legre, nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía (expediente IN408A 2020/143).

4.- Proxecto de Central hidroeléctrica reversible no lago de Meirama

Anuncio do 4 de marzo de 2022 polo polo que se somete ao trámite de información pública a solicitude de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña, AC/11/177 (BOP A Coruña N°.50, de 15 de marzo de 2022).


Código de Evaluación Ambiental: 20230094 Código para el Órgano Sustantivo: CHIDR-035. Título del proyecto: PROYECTO DE CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE BOMBEO MEIRAMA” Y SU INFRAESTRUCTURA DE EVACUACIÓN, EN LA PROVINCIA DE A CORUÑA. Órgano Sustantivo: D.G. DE POLITICA ENERGETICA Y MINAS MINISTERIO PARA LA TRANSICION ECOLOGICA Y EL RETO DEMOGRAFICO

VII.- AUSENCIA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE MÁIS PROXECTOS ENERXÉTICOS PARA GALICIA

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Mentras que Galicia ten unha potencia eólica instalada de 3866 MW, outras comunidades como Madrid ten 0 MW, Euskadi, 153 MW e Cataluña 1271 MW.

En canto aos parques eólicos en tramitación, mentras que Galicia ten arestora 300, Madrid non ten ningún, Euskadi ten 12 e Cataluña, 8.



Non se xustifica por tanto a necesidade do proxecto industrial eólico Meirama.

Deberan reflexionar seriamente sobre se é necesario realmente seguir implantando máis industrias de enerxía renovable en Galicia. Este proxecto industrial da central de bombeo, ao igual que o proxecto industrial eólico Meirama, o proxecto eólico As Encrobas e o proxecto eólico Meirama (76) na mesma área xeográfica non se xustifican, non existe retorno social algún, nin produce emprego, como xa demostrou no seu informe o Banco de España.

Véxase o documento: *Do Renewables Create Local Jobs?*

<https://repositorio.bde.es/handle/123456789/29475>

<https://doi.org/10.53479/29475>

Autor

Fabra, Natalia


Gutiérrez, Eduardo


Lacuesta Gabarain, Aitor

VIII.- A POSIBLE ELIMINACIÓN DE CAUCES E ÁREAS HÚMEDAS COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DA CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE OU DE BOMBEO MEIRAMA

O proxecto da empresa Coventina Renovables, SL implica a eliminación do rego do Biduído, xa que a entulleira e a balsa superior aséntanse sobre o seu nacemento e parte do seu cauce, na vaguada do val fluvial do Biduído.

O proxecto tal e como está documentado eliminaría o rego do Biduído e o seu val fluvial. Pero ademais a construción do túnel afectaría ao rego innominado que nace na Paraxe da Cova, parcela 185 do polígono 13, que logo rega as paraxes de Chousa dos Niveles, Ramofeito, Decoita, Banda, Figueira, Corna, Prado do Muíño, Herbal de Freixal, O Gontón...etc. ata tributar as súas augas no lago das Encrobas ou Meirama. A entulleira ou “depósito de terras limpias” como denomina o proxecto, afecta ao cauce da parcela do “Coto do Río”, á Chousa dos Regos (polígono 1 parcela 341) e ao Rego da parcela 343. Todos estes cauces tributan no rego Biduído. Cómper ter en conta tamén que o rego Biduído nace nas Lamas Maiores, unha braña ou humidal do Xalo, que forma parte da Braña Grande, onde se prevé instalar o proxecto. Os cauces da paraxe “Entre Ríos” (polígono 2 parcela 115) tamen tributan no rego Biduído e conforman o seu val fluvial. O mesmo sucede coas fontes que abrollan na paraxe Fontiñas (Polígono 2 Parcela 118) e o Coto das Fontiñas (Polígono 2 Parcela 120), que se incorporan ao rego Biduído ao longo do val fluvial.





O rego Biduido nace no Xalo e atravesa a parroquia de Meirama ata desembocar no lago das Encrobas. O proxecto prevé as súas infraestruturas, entulleira e balsa superior na vaguada do val fluvial do Biduido. O proxecto eliminaría o cauce e o seu val fluvial.

Por outra banda, cómpre ter en conta que hai moitos cauces que tributan no lago das Encrobas como o rego da Porta Antiga, o rego innominado que nace na paraxe e Loureiro (polígono 12 parcela 308)...etc.

Río Barcés, río da Cabra, rego de Morzós, rego do Coto, Fonte Verde Abaixo, rego da Croeda, rego de Goldreos, rego da Tarroeira, rego da Porta Antiga, Fonte dos Perdigóns, rego de Mende, rego de Freixedo, Pontellas (polígono 15, parcela 306), regato Pequeño e á súa beira o Curro do Muíño (polígono 40 parcela 251), O Porto Vello (parcela 249 do polígono 40), lagoa de Camposa, Chousa do Muíño (polígono 19 parcela 234), Porto (polígono 19, parcela 204), Prado do Muíño, Presa (polígono 15, parcela 431), Porto Antigo, Chousa dos Muíños, Batán Vello, Ponte Fernandías, o Lagueiro do Liño, Fonte das Meigas, Riba do Souto, Fonte, Regueiro Pequeño, Fonte Verde.

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.


Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

IX. - O proxecto ELIMINARÍA o humedal a BRAÑA GRANDE E BRAÑAS DO TORREIRO (COMPLEXO HÚMIDO DO XALO) e afección severa para as Brañas de San Bartolomé

Afección severa a brañas e humidais presentes na zona. Prexuízos significativos e irreparables para estes. Afección significativa e severa a lagoas, gándaras, regueiros, cavorcos, brañas e humidais.

Tasga prevé no proxecto a instalación do vaso ou balsa superior e a entulleira sobre a Braña Grande e as Brañas do Torreiro.

A inscrición do Complexo húmido do Xalo foi solicitada ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.



A mercantil promotora non realiza unha caracterización destes elementos. Cómpre ter en conta que a balsa de nova creación afectaría tamén ás brañas das Gandareas ou brañas de San Bartolomé, onde nace o rego de Orca. A falla de mapas con escalas máis detalladas das infraestruturas previstas, os documentos presentados pola promotora indican que a balsa ubicaríase sobre un cauce e humidais tipo braña coas consecuencias nefastas que isto implicaría para a biodiversidade e o cambio climático.

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais as infraestruturas do proxecto aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, brañas e lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións dos vasos e do túnel pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión descontrolada de eólicos e infraestruturas hidroeléctricas en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. Desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é “establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña todo deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de proxectos industriais no seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncais, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aerogeneradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.





X.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.
2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva **terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.**

XI.- INCOMPATIBILIDADE DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO COS USOS ACTUÁIS DO LAGO DAS ENCROBAS

A existencia do Dominio Público Hidráulico responde á necesidade de garantir unha protección para os recursos hídricos e o seu ecosistema.

A Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se acordaba dar publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, relativa ao enchido con auga do oco da mina de Meirama, no municipio de Cerceda (A Coruña), promovido pola empresa Lignitos de Meirama, S.A. (Clave 2005/0162) (DOG Núm. 64, de 02 de abril de 2009) indicaba con respecto aos posibles usos do lago:

“2.6. Sobre os posibles usos do lago.

Os posibles usos do futuro lago deberán ser coherentes coas características ambientais deste unha vez finalizado o proceso de enchido, garantindo a conservación do ecosistema e da paisaxe e tendo en conta que, en todo caso, estarán suxeitos á normativa que para cada uso concreto resulte de aplicación”.

Posteriormente o DOG Núm. 200, de 18 de outubro de 2013 publicaba o Anuncio de Augas de Galicia do 20 de maio de 2019 polo que se sometía a exposición pública a proposta de deslindamento do dominio público hidráulico no lago da mina de Meirama e documentación relacionada con esta.

Por outra banda a Resolución do 4 de outubro de 2013 sometía a información pública o proxecto construtivo de execución da obra hidráulica de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama, fase I (Cerceda-A Coruña).

Augas de Galicia tramitou o expediente de declaración de interese da Comunidade Autónoma da obra de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama. Fase I. Cerceda (A Coruña), de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Este proxecto de abastecemento comprendía a execución de toma de auga, falso túnel, cámara de válvulas, túnel que comunique o novo lago de Meirama co río Barcés e obra de restitución, reforzando o sistema de abastecemento da área metropolitana da Coruña cun volume adicional de regulación de 24 hm³.

A actuación hidráulica e cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixía 3 condicións (medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos), tema prioritario ou medida 45 (xestión e distribución de auga potable), actuación 3.45.2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas, pequenos encoros, captacións, depósitos reguladores, estacións de tratamento de augas potables, redes de distribución e sistemas de automatización e control).

A Xunta de Galicia publicaba pois o proxecto de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama. Fase I. Cerceda (A Coruña), de clave OH.115.1072, para os efectos da declaración de interese da comunidade autónoma e a aprobación do proxecto.

Esta actuación hidráulica perseguía:

1. Unha aposta pola integración da paisaxe e a sustentabilidade e recuperación ambiental.
2. Blindar o abastecemento futuro da área metropolitana da Coruña, ao dar resposta ás previsións de incremento da poboación e de actividade económica e ás necesidades de posibles conexións de novos núcleos á rede de abastecemento, co investimento de preto de dous millóns de euros na execución dunha captación de 15 metros de profundidade, que permitiría conectar este lago de Meirama co río Barcés.
3. Dobrar a actual capacidade de Cecebre, é dicir, asegurar a subministración de auga para unha poboación de ata 560.000 habitantes no horizonte de 2035.

A II Fase desta actuación hidráulica aínda non está executada.

Evidénciase un interese autonómico acreditado da necesidade de xestión da auga do lago das Encrobas para a distribución de auga potable. Este uso tamen é compatible cos usos ambientais e recreativos actuais e potenciais do lago.

En canto ao actual uso ambiental, cómpre lembrar os datos que figuran no libro “A biodiversidade no lago da mina de Meirama e a súa contorna”, promovido e editado pola compañía enerxética Naturgy. A publicación ilustra, con

fotografías os resultados da avaliación da biodiversidade non lago resultante da rehabilitación do oco mineiro e ou seu ámbito máis próximo. Os resultados foron obtidos tras un exhaustivo inventario zoolóxico e botánico levado a cabo polo equipo de especialistas da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da universidade compostelá.

XII.- AUSENCIA DE INTERÉS PÚBLICO AUTONÓMICO OU UTILIDADE SOCIAL DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO DO LAGO DAS ENCROBAS OU DE MEIRAMA

A solicitude de concesión realizada pola mercantil promotora para o aproveitamento enerxético da auga do lago das Encrobas nin é un proxecto vertebrador nin ten unha clara incidencia territorial, nin ten outro beneficio económico ou social que o ánimo de lucro exclusivo dunha empresa privada.

A diferenza do uso común actual, onde conflúen usos compatibles (uso para o abastecemento humano de auga potable, o uso ambiental e recreativo), o uso privativo que solicita a mercantil promotora é exclusivo e excluínte, adquiríndose mediante o outorgamento pola Administración dunha concesión. O efecto esencial da concesión consiste en transferir o goce exclusivo dun ben de dominio público en detrimento dos intereses xerais.

A demanialidade implica unha vinculación do ben cunha finalidade de interese xeral que non se cumpre no caso da concesión solicitada.

XIII.- PREVALENCIA DOS USOS ACTUAIS E DO PRINCIPIO AMBIENTAL FRENTE O USO PRODUTIVISTA DA XESTIÓN DA AUGA. INCOMPATIBILIDADE CO USO ENERXÉTICO OU DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA.

Augas de Galicia debe comprometerse a cumprir as obrigacións legais que establece a Directiva Marco da auga, a lei que establece a protección de ríos, humidais e acuíferos como seguro para ter auga en cantidade e calidade.

Segundo a Directiva Marco da auga (DMA), os aproveitamentos hidroeléctricos dos ríos, lagos...etc. considéranse de natureza moi modificada debido a que, ben polo seu tamaño, pola lonxitude afectada ou polo forte efecto regulador que exercen, condicionan unha modificación nas masas de auga que pode considerarse estable e duradeira, chegando en ocasións a unha nova situación de equilibrio que se estima de reversibilidade complexa e socialmente indeseada.

De todas formas considérase que a alteración das condicións naturais dos aproveitamentos hidroeléctricos das masas de auga é tan forte que se considera que non poden alcanzar o bo estado ecolóxico segundo a definición da DMA. O obxectivo para estas masas é o de alcanzar o bo potencial ecolóxico.

A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas establece no seu artigo 1 (Obxecto):

“O obxecto da presente Directiva é establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:

a) preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos;

b) promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles;...”.

A escaseza de auga prodúcese cando a demanda supera a dispoñibilidade dos recursos naturais.

- A escaseza de auga está a converterse nun fenómeno cada vez máis frecuente —e preocupante— que afecta, polo menos, ao 11% da poboación europea e ao 17% do territorio da UE.

- Desde 1980 aumentou o número de episodios de seca en Europa e ademais, foron máis acusados. Calcúlase que as secas tiveron un custo de 100000 millóns de euros nos últimos 30 anos.

- A sobreexplotación dos recursos hídricos é un problema serio na UE.

O cambio climático impón desafíos de fronte ao futuro.

Nas próximas décadas, o cambio climático exporá grandes retos á xestión da auga na UE. É probable que produza:

- Menores precipitacións en forma de choiva e temperaturas estivais máis altas, especialmente no Sur e o Leste, incrementando a presión sobre uns recursos xa escasos.

O Plan para salvagardar os recursos hídricos propón unha serie de medidas de eficiencia, como o cálculo do caudal ecolóxico (é dicir, a auga que necesitan os ecosistemas para sobrevivir); o desenvolvemento dunha contabilidade da auga que axude a asignar os recursos de forma máis eficiente; a reutilización da auga para a rega ou a industria; a medición e tarificación da auga, e os criterios de deseño ecolóxicos para produtos relacionados coa auga.... Etc.

Augas de Galicia non dispón arestora, ou alomenos non o fixo público, dun estudo serio e rigoroso da caracterización da masa de auga do lago das Encrobas ou Meirama nin dispón de datos científicos que garantan a suficiencia dos recursos hídricos deste, para o abastecemento da área metropolitana da Coruña nos vindeiros anos e o matemento das actuais condicións ambientais deste espazo.

XIV.- A FALLA DE LICENCIA SOCIAL PARA A PRIVATIZACIÓN DUN BEN PÚBLICO COMO É A AUGA EN TEMPOS DE SECA E CAMBIO CLIMÁTICO ACELERADO

As políticas de desenvolvemento sostible deben ser participativas (Declaración de Río, Principio 10). Un aspecto importante do desenvolvemento sostible refírese á xestión dos recursos hídricos. A participación pública pode entenderse como un dereito individual e de grupos sociais, como medio para empoderar aos individuos e grupos e como medio para mellorar a calidade e efectividade dos procesos de toma de decisións. Diversos instrumentos internacionais apoian a participación pública na xestión da auga. No plano comunitario, a Directiva Marco da auga (DMA) contén disposicións concretas sobre a participación pública neste terreo.

No presente caso débese ter en conta a oposición e a falla de licencia social a que se outorgue a concesión solicitada no expediente clave AC/11/177.

Débese ter en conta que a Segunda fase da obra hidráulica para o abastecemento de auga potable á área metropolitana da Coruña aínda está por executar e que as obras nin sequera están presupostadas nin licitadas.

XV.- ANOS E ANOS DE SACRIFICIO DOS RÍOS LÍMITROFES PARA O ENCHIDO DO LAGO DAS ENCROBAS

Desde marzo do 2008 non pararon as achegas de auga dos ríos limítrofes, un par deles en fervenza, así que tiveron 13 anos para asentarse o actual lago. Anos e anos de sacrificio dos ríos limítrofes e derivacións do caudal destes cara o lago para agora privatizar un ben público como é a auga do lago das Encrobas.

Gracias a este sacrificio a costa do dominio público hidráulico dos cauces limítrofes, agora o lago é una contorna cunha enorme diversidade de especies, tanto animais como vexetais. Por iso é polo que está vetado o acceso de vehículos con motor, e só pódese pasear a pé ou en bicicleta, nun treito de seis quilómetros e medio, que inclúe unha praia de case 400 metros. O lago, enchido coa achega dos ríos limítrofes e da choiva desde marzo do 2008 (antes foi unha mina de lignito desde 1980 que se tivo que restaurar a costa do sacrificio dos recursos hídricos do dominio público hidráulico adxacente), mide, en cifras redondas, 2,2 quilómetros de longo e un de ancho, e alcanza os 200 metros na zona máis profunda.

Se se quere apostar polo uso recreativo e turístico potencial deste espazo non se deberan admitir proxectos de privatización do mesmo.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

Debérase recuar no proxecto de central hidroeléctrica de bombeo Meirama e asúa infraestrutura de evacuación para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña, AC/11/177 e proceder ao seu rexeitamento polos motivos indicados no corpo deste escrito de alegacións.

O proxecto industrial da central hidroeléctrica reversible ou de bombeo Meirama afecta de forma severa e irreversible aos hábitats e ás especies que figuran no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) coas categorías de vulnerable (o invertebrado *Geomalacus maculosus*; o peixe *Gasterosteus gmnurus*; os anfibios: *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Rana temporaria*, *Hyla arbórea* e *Rana iberica*; as aves: *Circus pygargus* e *Scolopax rusticola*; e os morcegos: *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*) ou en perigo de extinción (as aves: *Milvus milvus*, *Vanellus vanellus*, *Gallinago gallinago* e *Numenius arquata*).

O proxecto industrial afecta de forma severa a máis de 38 especies catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción, o que non é cuestión baladí. Na área de afección do proxecto industrial conséntase a presenza da ave catalogada como vulnerable *Circus pygargus*, cuxo retroceso foi posto de manifesto pola organización SeoBird Life ao eleixila Ave do ano 2023, precisamente para chamar a atención e concienciar sobre o estado do declive da especie.

Chama a atención que non se teña en conta a importancia das comunidades de morcegos catalogados como vulnerables e cuxa presenza constatouse na entorna do lago de Meirama ou dás Encrobas como son: o *Eptesicus serotinus*, o *Pipistrellus pipistrellus* e o *Pipistrellus pygmaeus*. Tamén resulta chamativo que se obvие a presenza doutras especies catalogadas como vulnerables como: *Alytes obstetricans*, *Coronella austriaca*, *Epidalea calamita*, *Lacerta schreiberi*, *Pelophylax perezi*,etc.

A presenza destas e doutras especies corrobórase no documento titulado *“La biodiversidad en el lago de la mina de Meirama y su entorno”*. Ano 2015. Gas Natural Fenosa, onde se fala do exhaustivo inventario zoolóxico e botánico levado a cabo polo equipo de especialistas da Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, da Universidade de Santiago de Compostela, que identificou un total de 839 especies animais e vexetais, das que o 5% son endémicas e que se achega como anexo a este informe.

Indícase literalmente no informe referenciado: *“En conclusión, por el especial valor de conservación de algunas especies, que además se encuentran estrechamente relacionadas en las redes tróficas y con los procesos biogeoquímicos del lago y su entorno, se recomienda como estrategia la conservación de la totalidad del área, asegurando su funcionalidad ecológica, de manera que se garantice la protección de las especies presentes y el ensamble ecológico de sus poblaciones”*.

Indícase tamén no informe referenciado: *“Los datos muestran que 39 de las 839 especies halladas son endémicas (el 5%); sin embargo, el porcentaje de endemismos varía notablemente entre los distintos grupos: 7 especies de plantas, 26 de invertebrados y 6 de vertebrados. En concreto, el conjunto biológico con mayor porcentaje de endemidad (casi el 67% de esas 39 especies) es la fauna de macroinvertebrados de los medios acuáticos lóticos (ríos y arroyos del entorno) que por su rareza a nivel global, presentan un gran valor intrínseco. Esta fauna es la mejor representada en el área estudiada y por su composición es semejante a la que aparece en otros cursos fluviales de Galicia. Existe también una interesante variedad de especies de Odonatos, algunas de ellas de un muy especial valor de conservación y protegidas por la legislación, como *Coenagrion mercuriale*, *Coenagrion scitulum*, ambas consideradas vulnerables por la UICN. Además, tres especies de invertebrados y dieciocho de vertebrados se encuentran catalogadas, por lo que merecen acciones especiales de conservación”*.

Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites e que as infraestruturas fragmentan os hábitats.

A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

Non se realizou co suficiente rigor o estudo da área de implantación do proxecto da central hidroeléctrica reversible ou de bombeo, nunha área que conta con máis de 132 aeroxeradores en tramitación e instalados e máis de 13 humedais ou áreas húmedas, ademais do lago das Encrobas ou Meirama, o humedal de Vilsenín ou San Cosmade, o humedal de Vilagudín...etc. Por outra banda o proxecto da central hidroeléctrica de bombeo afecta de forma irreversible a hábitats prioritarios e de interese comunitario procedendo a súa eliminación.

A afección visual e paisaxística esténdese aos elementos do patrimonio cultural pero tamén ás áreas catalogadas como de especial interese paisaxístico como a AEIP-10-09 Monte do Xalo coa conseguinte perda da funcionalidade paisaxística e a xeración de Feísmo. A afección visual e paisaxística prevese moi severa e prexudicial para a entorna

do lago das Encrobas ou Meirama, para a praia fluvial deste, para o humedal de San Cosmade ou Vilasenín e a entorna.

Non se xustifica a necesidade nin a utilidade pública do proxecto da central hidroeléctrica de bombeo nunha área con un elevado número de parques eólicos en tramitación e con todos os proxectos moi próximos e a menos dun quilómetro dos núcleos e das vivendas das familias.

Todo este despregue de proxectos industriais en zonas sensibles como na que se pretende instalar a central hidroeléctrica de bombeo non ten nada de ecolóxico nin de sostible. Trátase dun proxecto industrial máis acaparador de recursos e que só pretende xerar riqueza para a promotora a costa de sacrificar o medio ambiente e os recursos comúns como é a auga da cunca do río Barcés. As afeccións prevense severas e os prexuízos para a entorna irreversibles.

Ademais o proxecto central reversible ou de bombeo resulta incompatible tanto esforzo recuperando un área degradada como era a entulleira e o lago das Encrobas ou Meirama, o elevado grao de renaturalización ou rewilding, isto é a recuperación das condicións anteriores da entulleira e o enchido do lago conseguido arestora e de novo que se autoricen proxectos industriais que afectan directamente a esta área e que de novo contribuen a súa degradación como é o caso do proxecto da central de bombeo. Cómpre non esquecer que o enchido do lago artificial faise e fíxose a costa de sacrificar un recurso común e de toda a cidadanía como é a auga dos cauces da cunca do río Barcés e o esforzo global da sociedade que apoiou a actual estado acadado da entorna. De feito xa pertence ao dominio público. Todo este esforzo global de toda a cidadanía no pode implicar un retroceso e non se debера permitir a degradación da entorna e a degradación visual e paisaxística coa instalación dos aeroxeradores precisos.

Meirama, 9 de abril de 2023

Asdo.- _____